

**DE PUTACIÓN PROVINCIAL**

**A CORUÑA**

**Acta da sesión EXTRAORDINARIA  
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL  
o 15 de XULLO DE 2002**

**ORDE DO DÍA** dos asuntos que se van tratar na sesión PLENARIA EXTRAORDINARIA que se celebrará o vindeiro luns, día 15 de xullo de 2002, ás DOCE HORAS.

### ASUNTOS

#### Comisión de Plans Especiais, Contratación e Equipamento

- 1.- Aprobación do Prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que rexerán para a contratación mediante poxas con procedemento aberto das obras comprendidas nos plans provinciais.
- 2.- Aprobación do Prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que rexerán para a contratación mediante concurso con procedemento aberto das obras comprendidas nos plans provinciais.
- 3.- Aprobación do Prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que rexerán para a contratación mediante procedemento negociado das obras comprendidas nos plans provinciais.

#### Comisión de Vías e Obras

- 4.- Aprobación técnica dos proxectos do Plan de vías provinciais 2003, 1ª relación e solicitude á Xunta de Galicia da declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a execución das citadas obras.

#### Comisión de Cultura, Deportes e Xuventude

- 5.- Reclamación da Fundación Camilo José Cela do aboamento da cantidade pendente da anualidade 2001 para obras na casa núm. 6 do conxunto das Casas dos Coengos.

## DEPUTACIÓN PROVINCIAL

### A CORUÑA

#### **SESIÓN EXTRAORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 15 DE XULLO DE 2002.**

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 15 de xullo de 2002, reuniuse a Excma. Corporación Provincial para celebrar **sesión extraordinaria**.

#### **CONCORRENTES**

#### **PRESIDE O ILMO. SR.:**

DON JOSÉ LUIS TORRES COLOMER

#### **ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:**

DON JOSÉ BLANCO PAZOS	PP
DON JUAN BLANCO ROUCO	PP
DON ANTONIO CAMPO FERNÁNDEZ	PP
DOÑA PILAR CANDOCIA PITA	BNG
DON JOSÉ MANUEL CENDÁN FERNÁNDEZ	PP
DON ODÓN CASIMIRO COBAS GARCÍA	PSOE
DON JOSÉ ANTONIO DOMÍNGUEZ GARCÍA	PP
DON ANTONIO ERÍAS REY	PP
DON JESÚS SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA	PSOE
DON JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO	PP
DON JOSÉ LUIS FONDO AGUIAR	PP
DON JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
DON CARLOS GLEZ.-GARCÉS SANTISO	PSOE
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON CARLOS LÓPEZ CRESPO	PP
DON MANUEL MIRÁS FRANQUEIRA	PSOE
DON JOSÉ LUIS PICO ESPÍÑEIRA	PP
DON JOSÉ CARLOS PITA LÓPEZ	PSOE
DON FÉLIX PORTO SERANTES	PSOE
DON MANUEL POSE MIÑONES	PP

DON CELESTINO POZA DOMÍNGUEZ	PSOE
DON MIGUEL PRADO PATIÑO	PP
DON FRANCISO JAVIER QUIÑOY TABOADA	PSOE
DON AUGUSTO REY MORENO	PSOE
DON MANUEL RODRÍGUEZ DOVAL	BNG
DON DOSITEO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ	PP
DOÑA ANA ISABEL SANTIAGO LÓPEZ	BNG
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DON MANUEL VARELA REY	PP
DOÑA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG

Acúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación e está presente o Viceinterventor Xeral, D. José Manuel Pardellas Rivera..

Aberto o acto ás doce horas, o Sr. secretario procede á lectura da Resolución nº. 11.004, do 11 de xullo, pola que convoca sesión extraordinaria, con indicación dos asuntos incluídos na orde do día, tocante ós cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os acordos seguintes:

**1.- APROBACIÓN DO PREGO-TIPO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN PARA A CONTRATACIÓN MEDIANTE POXA CON PROCEDIMENTO ABERTO DAS OBRAS COMPRENDIDAS NOS PLANS PROVINCIAIS.**

Por unanimidade apróbase o seguinte Dictame da Comisión:

1.- Aprobar o Prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que rexerán para a contratación mediante poxa con procedemento aberto das obras comprendidas nos plans provinciais, que substitúe ó aprobado polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o 31 de marzo de 2000.

2.- Publicar o dito prego no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de que durante o prazo de 8 días se poidan presentar reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado se estas non se producisen, de conformidade co disposto no art. 122 do decreto legislativo 781/86.

**2.- APROBACIÓN DO PREGO-TIPO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN PARA A CONTRATACIÓN MEDIANTE CONCURSO CON PROCEDIMIENTO ABERTO DAS OBRAS COMPRENDIDAS NOS PLANS PROVINCIAIS.**

Por unanimidade apróbase o seguinte Dictame da Comisión:

1.- Aprobar o Prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que rexerán para a contratación mediante concurso con procedemento aberto das obras comprendidas nos plans provinciais, que substitúe ó aprobado polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o 31 de marzo de 2000.

2.- Publicar o dito prego no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de que durante o prazo de 8 días se poidan presentar reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado se estas non se producisen, de conformidade co disposto no art. 122 do decreto lexislativo 781/86.

**3.- APROBACIÓN DO PREGO -TIPO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN PARA A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMIENTO NEGOCIADO DAS OBRAS COMPRENDIDAS NOS PLANS PROVINCIAIS.**

Por unanimidade apróbase o seguinte Dictame da Comisión:

1.- Aprobar o Prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que rexerán para a contratación mediante procedemento negociado das obras comprendidas nos plans provinciais, que substitúe ó aprobado polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o 31 de marzo de 2000.

2.- Publicar o dito prego no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de que durante o prazo de 8 días se poidan presentar reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado se estas non se producisen, de conformidade co disposto no art. 122 do decreto lexislativo 781/86.

#### **4.- APROBACIÓN TÉCNICA DOS PROXECTOS DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2003, 1ª RELACIÓN E SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DE DECLARACIÓN DE URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN A QUE DEA LUGAR A EXECUCIÓN DAS CITADAS OBRAS.**

##### INTERVENCIONS

Sra. Candocia Pita

Bos días, deputados e deputadas. Respecto deste punto, en condicións normais, cando se trata de aprobacións técnicas de proxectos e de declaración de urxente ocupación e expropiación, o grupo provincial do BNG sempre se posiciona favorablemente. Eu na Comisión abstívenme como voceira, e xa avancei que o noso grupo ía posicionarse aquí neste pleno. Ó grupo provincial do BNG non nos consta que estea aprobado o Plan de vías e obras provinciais do 2003, 1ª fase, polo tanto o que vén non é a aprobación técnica; senón que o que se está facendo é tirar daquel famoso programa do que xa falamos no último pleno, e o que se está facendo é convertilo xa no plan e poñer as obras, tirando del, que se consideren oportunas e sen traer sequera a aprobación. No seu momento xa dixemos o que pensabamos dese plan, penso que xa quedou suficientemente claro e plasmado, que non estaban, como se dicía , tódalas obras, que non era polo tanto un relatorio de necesidades, que eran unhas obras concretas. E o que se ve, o que se mostra con esa actuación é que, efectivamente, o que se está facendo é, a través dunha cousa que se chama programa, ir aprobando obras para un plan xa directamente, sen sequera traer o plan a aprobación, o que se traen xa son a aprobación das obras e a declaración de urxente ocupación.

Polo tanto, o noso posicionamento non é sobre esas obras en concreto, e que non estamos en contra de ningunha obra, e nunca nos posicionamos en contra de obras en concreto; absteríámonos en todo caso, senón que o posicionamento é en contra deste tipo de proceder, e a posición do noso voto vai ser en contra. Gracias.

Sr. presidente

Ten liberdade de manifestar a súa posición; o que eu lle podo dicir é que aquí non é tirar alegremente duns proxectos ou outros, senón que é preparar que os proxectos que estean xa liquidados e actualizados en euros, pois ir preparando a expropiación dos terreos, queremos iniciar a expropiación dos terreos para, no 2003, poder contratar, eu o que lle

podo dicir é que toda a rede primaria necesaria está metida nese plan, ou programa, chámelle como queira, o que facemos hoxe con isto é proxectos, independentemente xa dos que saíron a concurso este ano, os proxectos que están nese programa para o 2003, a medida que os técnicos van rematando, actualizando eses proxectos, e converténdoo en euros, tráense aquí para iniciar a expropiación pola vía de urxencia, para que nos dea permiso a Xunta de Galicia, e que estean listos para o ano 2003. É o único que se pretende con isto que levamos hoxe; ou sexa, que non é alegremente coller un proxecto ou outro, senón que a medida que o servizo técnico os vai poñendo ó día, actualizando, ou corrixindo algún defecto que teñan, pois é comezar o expediente para a súa contratación no seu momento. Se quere intervir novamente, ten vostede a palabra.

#### Sra. Candocia Pita

Eu chámolle como vostede queira, ou como o grupo de goberno queira; non como eu queira; eu o que sei é que o outro día diferenciábase entre programa e plan, e dicíase que o plan 2002 2ª fase era unha cousa, e o programa 2003-2005 era outra cousa diferente; non diferenciei eu iso; diferenciouo o grupo de goberno, non é que eu lle chame. Simplemente esa aclaración.

E en todo caso, que hai unha cousa que penso que está clara, que aquí sempre viñeron primeiro os plans e despois é cando se actuaba, porque, efectivamente, se xa se preparan unhas obras xa se sabe que esas obras son as que van no 2003, e cando se pon "Plan vías provinciais 2003, 1ª fase, ou 1ª relación...", é porque se sabe que son esas obras as que van ir e non outras. Polo tanto, previamente tería sentido que se aprobase ese plan, e que non se confunda o plan co programa, ou que senón, non se diga que é distinto, porque nas actas do pleno anterior consta en boca dos membros do goberno que plan e programa non era o mesmo. Entón, que se aclare simplemente.

#### Sr. presidente

Pois para min é o mesmo. O que pasa é que cada ano haberá que aprobar o plan dese ano, e nós o que queremos é que os proxectos que teñen que estar no 2003 pois que estean actualizados no seu momento, e non que lle falten os terreos ou que teña algún defecto ese plan, para que a partir do mes de xaneiro do ano que vén poder contratar coa rapidez que se fixo cos que estaban listos este ano.

O que si insistir que aquí non se tiran caprichosamente dos proxectos, senón que se tira dese programa que aprobamos, dos proxectos que están liquidados e actualizados.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 27 deputados (16 -PP e 11 -PSOE)

Votan en contra: 4 deputados (BNG)

Abstéñense: Ningún

### **ACORDO**

Apróbase o seguinte Dictame da Comisión:

1º.- Aprobar tecnicamente os proxectos do Plan de vías provinciais 2003, 1ª relación que de seguir se indican:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO TRAMO P.K. 2,100 Ó P.K. 6,100 DA E.P. 1105 DE NOIA A CABO DE CRUZ	341.903,53
MODIFICADO DO DE AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO DA E.P. 8401 DE TABLILLA A AGRO DO MESTRE POR PONTEPEDRA, TRAMO P.K. 0+000 Ó P.K. 5+640	1.038.735,53
AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO DA E.P. 1909 DO P.K. 12+000 Ó 15+630	1.096.411,19
AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO DA E.P. 1909 DO P.K. 6+000 Ó 12+000	1.702.806,4
AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO DA E.P. 1909 DO P.K. 1+700 Ó 6+000	1.193.218,07

2º.- Dispoñer a exposición pública dos proxectos mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de que durante o prazo de 10 días se poidan presentar as reclamacións oportunas, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.

3º.- Solicitar á Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras de referencia, de conformidade co art. 52 da LEF e orde do 7 de decembro de 1983 da Consellería da Presidencia da Xunta de Galicia.

4º.- Someter a información pública o referido expediente expropiatorio mediante a publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, cun prazo de quince días para reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado se estas non se formulasen.



## **5.- RECLAMACIÓN DA FUNDACIÓN CAMILO JOSÉ CELA DO ABOAMENTO DA CANTIDADE PENDENTE DA ANUALIDADE 2001 PARA OBRAS NA CASA NÚM. 6 DO CONXUNTO DAS CASAS DOS COENGOS.**

### INTERVENCIÓNS

#### Sra. Santiago López

A intervención nosa neste punto vai ser contraria. Xa no seu momento, cando viña a esta cámara o convenio coa Fundación Camilo José Cela cuestionabamos a necesidade dese convenio, sen embargo aplaudiamos que houbera un convenio suscrito, que aparecesen os convenios para homologar as subvencións nominativas que aparecían dentro do orzamento. E o noso voto contrario xustifícase precisamente niso: existe un convenio que obriga ás dúas partes, a Fundación Camilo José Cela sabía perfectamente, porque viña explicitado dunha forma diáfana no articulado deste convenio, cales terían que ser as porcentaxes de participación das institucións participantes neste convenio nas anualidades que viñan marcadas, e precisamente coñecendo, como coñecían, de partida esta situación, non entendemos o tratamento que fixeron da realización das obras, e polo tanto non nos parece lóxico que a estas alturas, a posteriori, e obviando absolutamente a letra do convenio, a Fundación decida variar os seus investimentos nestas dúas anualidades. Precisamente por iso, e ademais existindo, como existe, un informe de Intervención contrario, que di que o pagamento non ten xustificación, o noso voto vai ser contrario neste punto.

#### Sr. Rodríguez Rodríguez

En relación con este convenio, simplemente resaltar que o que establecía o convenio era unha subvención da deputación para un único investimento, e ese único investimento, que era a casa núm. 6 do conxunto das Casas dos Coengos, na que a cantidade total da deputación era de 35 millóns; o único que pasou foi que o primeiro ano de realización das obras realizouse máis obra que a prevista inicialmente, anticipouse o investimento, e no segundo ano, como é natural, fíxose menor investimento, pero na totalidade dos dous anos o investimento realizado é superior á prevista inicialmente, polo tanto cúmprese perfectamente o obxectivo da subvención, que é financiar con 35 millóns un investimento de 153 millóns, que foron, un millón máis, realizados, e en ningún caso se modifican as porcentaxes globais de investimento, nin de subvención da deputación, o único que pasa é que por ter realizado máis obra un ano, é menor porcentaxe real de financiamento, porque non se pagou de acordo coa porcentaxe, pagouse de acordo co crédito previsto, e polo tanto, menos porcentaxe o primeiro ano, máis porcentaxe o segundo, pero a porcentaxe global é a

mesma. Polo tanto, cúmprese estrictamente o convenio; cúmprese a finalidade prevista; realizouse o investimento por maior cantidade da prevista inicialmente, e por esa razón parece correcto que se lle pague á Fundación as cantidades correspondentes.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 27 deputados (16 -PP e 11-PSOE)

Votan en contra: 4 deputados (BNG)

Abstéñense: Ningún.

### **ACORDO**

Apróbase o seguinte Dictame da Comisión:

Admitir a reclamación da Fundación “Camilo José Cela”, e polo tanto, aboar a cantidade de 13.814,13 € ata completar o total da anualidade 2001, dado que no expediente se acredita a realización das obras previstas no convenio suscrito con data do 27 de novembro de 2000.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as doce horas e vinte minutos, redactándose a presente acta, e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. Presidente, de todo o cal, eu, secretario, dou fe.